



área sanitaria de FERROL

RESUMO XUNTANZA CON PROCESOS AMBULATORIOS E RR.HH.

10 DE MARZO DE 2009

RELACIÓN DE PERSOAL QUE SOLICITA COMISIÓN DE SERVICIO

RR.HH. informa que a relación enviada ás OO.SS. contén algúns erros, procedendo a enviar a documentación correxida durante o día de hoxe. Expón que **se darán un número importante de comisións de servizo**, xa que o obxectivo é traer ó persoal que estivo traballando no ASF e que pola OPE 2006, ten destino noutra área.

Solicítase que a **nova relación** recolla a orde de prelación do persoal na concesión das comisións. Denúnciase que o persoal xa sabe se lle conceden comisión ou non, mentras que non se da esa información á Comisión de Primaria. Despois de presionar neste sentido, RR.HH. informa do seguinte:

- FEAS: en principio non hai posibilidades de dar comisións, pero está en estudio.
- MÉDICOS FAMILIA: concédense 2 comisións que veñen de Vigo e outras 2 de para persoal da ASF.
- PERSOAL DE ENFERMERÍA (DUE e Tcae): son os colectivos con maior número de peticións e onde se darán o maior número de comisións, pero quedarán prazas a cubrir polo listado de contratación.
- CELADORES, TEL, AUX. ADMINISTRATIVOS...: traerán ó maior número de profesionais posibles dende outras áreas, sempre que existan prazas.
- NON SE DARÁN COMISIÓNS EN ATENCIÓN PRIMARIA. Sairán os postos no seguinte proceso aberto e permanente no ámbito da atención primaria.

LISTADO DE PERSOAL POR CENTRO (logo dos traslados/OPE/acoplamentos)

Dirección Procesos Ambulatorios descúlpase por non aportar a documentación coa suficiente antelación á xuntanza de hoxe, e procede a entregar unha copia da mesma a cada central sindical.



área sanitaria de FERROL

PROGRAMACIÓN DO CALENDARIO VACACIONAL

A dirección de RR.HH. informa de que nesta semana enviarán instrucións ós centros para que se tramiten as **solicitudes de vacacións antes do 31 de marzo**, sendo un recordatorio das instrucións de anos pasados.

Pregúntase se este ano imos ter os mesmos problemas que o ano pasado no referente á solicitude das vacacións en función dos 22 días hábiles, coa posibilidade de fraccionalos en semanas (5 días hábiles). RR.HH. contesta que ata os resultados da Comisión de traballo sobre vacacións, permisos e licenzas constituída entre oo.ss. e SERGAS en Santiago, non permitirán fraccionar o período por 5 días hábiles.

Denúnciase que os 22 días hábiles (ou as súas fraccións) van a cómputo anual, polo que a dirección non debería ter ningún problema en conceder as vacacións por tramos de 5 días hábiles, sobre todo no ámbito da primaria (onde non se fan cómputos de xornada) e nas categorías onde non teñen problemas de indisponibilidade de persoal. **CIG-SAÚDE** expón que non ter o resultado da comisión de traballo, non impide que a xerencia teña que cumprir o recollido no E.B.E.P., que se non o fai, é porque non quere. A dirección de RR.HH. contesta que ata ter resultados/directrices da comisión, non permitirá solicitudes neste sentido, senón por semanas naturais (7 días laborais).

Finalmente, no caso de querer fraccionar o total de días de vacacións en semanas, RR.HH. resposta que só 1 semana, o resto terá que ir en bloque.

No referente á preferencia que o EBEP establece na elección das **vacacións para mulleres embarazadas, persoal con fillos menores de 12 anos ou con maiores dependentes**, RR.HH. dí que se cumprirá a lei á espera da consulta que fixeron á comisión de traballo citada anteriormente.

CIG-SAÚDE expón que o EBEP non establece unha preferencia absoluta na elección das vacacións, e que a dirección ten que ter un criterio para que as xefaturas de servizo, supervisións e coordinacións de enfermería, elaboren o calendario vacacional antes do 31 de marzo. De non ser así, atoparémonos con servizos onde este persoal teña prioridade absoluta e outros onde non, sendo necesario establecer un **criterio con anterioridade á concesión das vacacións**. Solicítase unha xuntanza monográfica para tratar de compaxinar o dereito a esta preferencia, co dereito do resto de persoal a que se lle respete o turno de vacacións xa pactado nos servizos. RR.HH. dí que realizárase dita xuntanza antes do 31 de marzo.



área sanitaria de FERROL

RELACIÓN DOS POSTOS DE PERSOAL NON SANITARIO EN ACUMULACIÓN DE TAREFAS

CIG-SAÚDE pregunta polo acúmulo de tarefas de **PSX en Cariño**, que está cubrindo unha praza de celador dende maio de 2006. RR.HH. contesta que está pendente de regularización por acoplamento do celador ó PAC, ó igual que as liberacións sindicais de Fene.

No caso do reforzo de **PSX en Narón** por mor da campaña de vacinación antigripal de 2007 e que dende entón se cubre con acúmulos.

Denúnciase que non se está a cumprir o artigo 9.3.c do Estatuto Marco, no que se recolle que “se se realizasen máis de dous nomeamentos para a prestación dos mesmos servizos por un período acumulado de 12 ou máis meses nun período de 2 anos, procederá o estudio das causas que o motivaron, para avaliar, se é o caso, se procede a creación dunha praza estrutural no cadro de persoal de centro”

PRAZAS CONCEDIDAS DO PLAN MELLORA 2009

Dirección Procesos Ambulatorios relaciona as prazas concedidas:

- 6 MÉDIC@S DE FAMILIA, que presupostaranse para o último trimestre de ano. Iniciarán a súa actividade en outubro ou novembro, pendentes de que finalicen as obras nos diferentes centros de saúde.
- 11 DUEs, das que 2 xa iniciaron a súa actividade en Narón e 1 en Ortigueira.
- 1 AUXILIAR DE ENFERMERÍA, que xa está incorporada ó C.S. de Ortigueira.
- 2 PSX, estando 1 deles pendente de finalización das obras no C.S. de Somozas (previsión finalización neste mes de marzo) e o outro sería para O C.S. Cedeira.
- 1 HIXIENISTA DENTAL, que xa comezou no C.S. As Pontes.
- 2 FISIOTERAPEUTAS, 1 MATRONA, 1 ODONTÓLOGO, para a planta B do C.S. de Caranza.

Tamén informa de que solicitarán o **aumento dun PSX no C.S. de Narón**, a maiores dos acúmulos de tarefa tratados no punto anterior.



área sanitaria de FERROL

CALENDARIOS DE COBERTURA DOS SÁBADOS EN QUENDA DE MAÑÁ

Dirección Procesos Ambulatorios informa que será remitida a información por correo electrónico, tanto de PSX coma DUES coma facultativ@s, e os criterios de rotación por centro.

REFORZOS NOS PACs DE FERROL E NARÓN

Dirección Procesos Ambulatorios recorda o acordo da última xuntanza, de ter datos de 2 meses máis para valorar a **necesidade de reforzos**.

Denúnciase que no caso de facultativos, o rexistro realízase no libro de atención continuada, e que non hai interese de recoller os datos de maneira retrospectiva, xa que **é evidente que se supera a media de 30 pacientes/día** nos sábados, domingos, festivos e vísperas de festivo. A Dirección Procesos Ambulatorios comprométese a valorar os rexistros de actividade a partir do 10 de abril, xa que aínda non é fluído o rexistro dos datos neses PACs. No caso do PAC de Ferrol, fai unha reflexión sobre a falta de espazo físico, aportando como posible solución o traslado dos dormitorios de PAC á 4ª planta.

Solicítase **reforzo** de medicina e enfermería para estes PACs na semana santa. Dirección Procesos Ambulatorios informa que se reforzará **Ferrol** con medicina e enfermería, xa que así foi solicitado polo persoal do PAC. No caso de **Narón**, só se reforzará enfermería como o ano pasado, xa que non recibiron petición do persoal de medicina.

No referente ó **plus para os celadores por uso de PVD**, Dirección Procesos Ambulatorios expón que en 15 días enviaranse instrucións ós celadores sobre o rexistro informatizado en PACs. O protocolo será voluntario e daráselle formación a quen o asine. O pago do complemento será dende o momento da sinatura, aínda que o aplicativo comece a usarse con posterioridade á formación.

ROGOS E PREGUNTAS

- PROTOCOLO DE SIMTROM.

Dirección Procesos Ambulatorios informa de que hoxe ten reunión o grupo de traballo e presentárase un borrador de protocolo para a súa aprobación. No caso de aprobarse, pasará copia ás oo.ss.



área sanitaria de FERROL

- PROTOCOLO Tcae.

Presentáronse alegacións pola Comisión de Primaria, sendo un punto a tratar na xuntanza de abril.

- CALENDARIOS OFICIAIS PAC.

Dirección Procesos Ambulatorios comunica que hoxe fíxose a entrega da copia dos calendarios do persoal de medicina por correo interno.

CIG-SAÚDE reitera a petición de que os calendarios se envíen cuñados e asinados polo responsable de medicina/enfermería, ben mes a mes no caso de facultativos (por problemas cobertura voluntariedade) ou semestral/anualmente no resto dos casos.

No referente ós calendarios entregados con posterioridade, indícase que no calendario de enfermería do PAC de Fene non figura as gardas do persoal voluntario que non é APD.

- PAGO NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE NAS VACACIÓNS DE PAC.

Dirección Procesos Ambulatorios informa de que se está a revisar este tema.

- CRONOGRAMA FORMACIÓN IANUS.

Dirección Proc. Ambulatorios informa de que se formaron Narón e Ferrol e que iniciouse a formación en Fene. Pasará programación ata xullo de 2009.

- DATOS INTERSUSTITUCIÓN VERÁN.

Dirección Proc. Ambulatorios comprométese a ter unha xuntanza coa Comisión de Primaria para explicar ditos datos. Tamén informa que o concepto se está a pagar correctamente dende novembro de 2008, pasando a revisar de oficio tódalas nóminas dende xullo a novembro de 2008 para o seu pago adecuado.

- DATOS INTERSUSTITUCIÓN NADAL PARA ENFERMERÍA.